

HISTORIA ANTIGA DE GALICIA

1. A conquista de Roma

1.1 Introducción

A Historia Antiga é un período que abrangue en termos xerais desde a aparición da escritura, ao redor do 3.500 a. C. en Mesopotamia, ata a caída de Roma en 476 d. C. É evidente que este marco de división temporal non aporta coñecemento algún, e serve so para compartimentar de xeito xeral o proceso histórico, xa que no caso da Antigüidade, por exemplo, se tomamos a escritura como elemento base para o cambio, convivirán culturas con escritura con culturas ágrafas.

Este é o caso do noroeste peninsular, onde a cultura castrexa non coñecía a escritura e foi traída no proceso de romanización moito tempo despois de que fora inventada en Mesopotamia. Polo tanto, circunscribiremos a Historia Antiga de Galicia ao período no que Roma iniciou a conquista. E finalizaremos coa chegada dos pobos xermanos, en concreto os visigodos que serán xa o inicio da Idade Media.

1.2 Fases da conquista de Roma

Roma comeza a amosar interese pola Península Ibérica no contexto da **Segunda Guerra Púnica (218-201 a. C.)**, o conflito que enfrontou a Roma con Cartago polo dominio do Mediterráneo Occidental. Trala petición de axuda de Sagunto aos romanos, estes desembarcan en *Emporion* liderados por Publio e Cneo Escipión para cortar o subministro ao xeneral cartaxinés Anibal que marchara a Roma e dan comezo á conquista da franxa costeira mediterránea da Península e o treito baixo do val do Ebro e o val do Guadalquivir entre o 218 a. C e o 205 a. C. A segunda etapa da conquista (197- 177 a. C.) levaría ao dominio dunha franxa interior sobre a anterior. En 197 a. C., Hispania quedaría dividida en dúas provincias a Hispania Citerior (capital en *Cartago Nova*) e a Hispania Ulterior (capital en *Corduba*). A mediados do s. II (154-133 a. C.) comeza a conquista da meseta e o litoral atlántico; son as guerras contra os lusitanos e arévacos e, é neste contexto, cando Roma inicia a conquista do territorio que comprende a actual Galicia.

Roma denomina ao conxuntos dos pobos prerromanos que habitaban desde o norte do Douro ata o val do Navia **Gallaeci**. Estes pobos son os que conformaban a cultura castrexa. A orixe do termo latino *Gallaeci* provén. a súa vez, do grego *Καλαϊκοί*, cuxo significado non está libre de controversia. O seu nome aparece mencionado na obra de Estrabón e de Plinio o Vello, sendo este último, o que os nomea coma un dos pobos, os *callaeci*, do *conventus bracaerense*. Na actualidade os investigadores consideran que os *callaeci* era un pobo que sobresaía en importancia dos demais, en concreto os *callaeci* eran un pobo castrexo do sur da **Gallaecia** (nome que por extensión darían tamén os romanos a toda a rexión). Temos polo tanto que Roma denominou ao conxuntos dos pobos como un concreto deles e fixo isto extensivo a toda a rexión que, como veremos máis tarde, convertería en provincia e de onde derivará o propio nome de Galicia.

A primeira fase do dominio do territorio, que os romanos denominaran Gallaecia, comeza coa campaña militar do pretor romano **Décimo Xuño Bruto en 137 a. C.** A esta fase se **denomina lusitana**. Pretende fundamentalmente facer unha expedición punitiva e explorar e pacificar o territorio. Décimo Xuño Bruto é alcumado Callaicus (o "Galaico") por ser o xeneral romano que fai a primeira mostra de dominio sobre os callaici que xunto cos astures e cántabros, eran os pobos que

ocupaban a parte máis occidental da Península Ibérica. A expedición parte de *Portus Cale* (actual Porto) e as súas lexións ocuparon varios castros costeiros coa axuda da frota, cruzaron o río Limia (lugar do mítico episodio no que o pretor tivo que demostrar que non estaban atravesando o *lethes*, fonte do inframundo que borraba a memoria das persoas) e posteriormente o Miño.

Porén, este territorio non quedou pacificado nin integrado dentro de Roma, estableceuse comercio coa rexión, e, se sucederon varias campañas militares entre as que destacan as de Craso, Perpenna e a incursión marítima de Xulio César no 61 a. C. desembarcando en *Brigantium*. César viña ao Golfo Ártabro na procura de estaño principalmente, xa que as crenzas de Roma era que no arco atlántico atopábanse as illas Casitérides ou do estaño.

A segunda fase da conquista denomínase **astur-cántabra** e contextualízase dentro das Guerras Cántabras. É o propio **Octavio Augusto** entre os anos **29-19 a. C.** que leva a cabo a definitiva integración deste territorio dentro de Roma.




Ilustración 1. Fases da conquista de Gallaecia

A longa duración destas campañas demostra a resistencia dos castrexos a perder a súa independencia, favorecida pola natureza montañosa do terreo, o seu illamento e as tácticas guerrilleiras que empregaban. O final mítico destas guerras fíxase no episodio do monte Medulio onde segundo o mito os últimos galaicos resistentes se suicidaron antes de caer en mans dos romanos. A historiografía considera que este feito nunca se produciu e forma parte dun conxunto de mitos moi estendido onde os indíxenas, antes de caer baixo o control de Roma, optaban polo suicidio masivo (temos outro exemplo próximo en Numancia). Este tipo de mitos servían para engrandecer a gloria de Roma xa que a maior heroísmo dos inimigos maior gloria na vitoria.

A partir de entón, ábrese o período de *pax augusta* no que se inicia o proceso de romanización e se procede á organización do territorio cunha serie de reformas administrativas, urbanísticas e de

comunicacións (iniciadas agora e culminadas polos Flavios) que son definitivas na conformación histórica de Galicia. Imponse o nome de Gallaecia, pola denominación dun dos seus *populi* (os *callaici*), aínda que non se oficializa o topónimo ata primeiros do século IV con Diocleciano. Nun primeiro momento, no ano 19 a. C., intégrase na provincia de Lusitania, e pouco despois na Hispania Citerior (con capital en Tarragona), ata que no ano 305 d. C. **Diocleciano** fai unha nova reorganización do Imperio e crea a provincia de Gallaecia, que abranguía dende o Cantábrico ata o Douro, e dende o Atlántico ata o Sistema Ibérico.

2. A romanización

2.1 O proceso de romanización

Trala conquista comeza un proceso denominado romanización que consiste na adopción do latín, coma lingua vehicular, dos costumes e da relixión romana por parte dos indíxenas. Podemos definir a romanización coma un proceso progresivo que consta dos seguintes elementos:

- Adopción do latín, primeiro na administración e por parte das elites. Frecuentemente os fillos das elites eran enviados a Roma para coñecer a capital e aprender ben a lingua, así como para relacionarse con persoas influíntes.
- Penetración dos costumes e da cultura material: roupas, arquitectura, mercadorías, moeda, obxectos de comercio, sistemas de medida, etc. No mundo romano existe unha homoxeneidade, en canto a cultura material, moi notable como podemos ver na cerámica *terra sigillata*.
- Penetración das relixións existentes en Roma, tanto a propia como as orientais: cultos a Cibeles, Mitra e a partir do século III o cristianismo.
- Adopción progresiva do latín por parte dos estratos populares e as áreas rurais.
- Aceptación xeneralizada do dereito romano.

A concesión da cidadanía romana aos habitantes do lugar, que foi xeral no ano 212 baixo o Imperio de Caracalla, considérase a culminación do proceso de romanización.

No mundo castrexo a romanización foi un proceso paulatino e non imposto pola forza. As propias vantaxes que os castrexos obtiñan da presenza de Roma e do seu achegamento a ela, fixo que primeiro as elites locais iniciarían este proceso para despois penetrar nas capas máis populares da poboación. Enténdese que, para o conxunto do mundo celtibérico, o **latín** converteuse na lingua principal xa no s. I d. C.

2.2 Organización do territorio

As provincias estaban baixo o control dun gobernador designado por Roma, o procónsul. As provincias estaban subdivididas en **conventos xurídicos** coa intención de controlar a recadación de impostos, centralizar as funcións administrativas e impartir a xustiza de Roma, así como, promover a función relixiosa do culto ao emperador.

A intención do imperio era extraer as riquezas que tiña o territorio conquistado para ser enviadas a Roma. Para isto era necesario dotar ao territorio dunha serie de núcleos urbanos reitores do territorio denominados **civitas** e unha rede de calzadas que as conectase de xeito efectivo.

O proceso de organización do territorio iníciase inmediatamente despois da conquista coa fundación de tres cidades, que levan o nome de Augusto, cada unha cabeza dun conventus ou circunscrición administrativa: *Bracara Augusta* (Braga), *Asturica Augusta* (Astorga) e *Lucus Augusti* (Lugo). Non coñecemos os límites exactos destes conventos, pero si a súa poboación no momento da súa creación, que foi rexistrada por Plinio: o bracarense, o máis relacionado con Roma, tiña 285.000 habitantes repartidos en 24 *populi*; o asturicense, cuxa importancia reside na minería, 240.000 habitantes en 22 *populi*, e o 16 lucense, o máis retrasado, 166.00 en 15 *populi*.



Ilustración 2. Miliario do Burgo en Pontevedra

2.3 A rede viaria

Unha das claves do poder de Roma era a súa **rede de calzadas**, que permitía conectar de forma segura e rápida as diferentes *civitas* que vertebraban o Imperio. Poder comerciar de xeito rápido, así como asegurar a mobilidade das lexións foi fundamental á hora de manter a cohesión do Imperio.

A rede viaria galega en época romana estrutúrase en torno a tres grandes rutas de comunicación: a vía XVIII, chamada Vía Nova, de *Bracara* a *Asturica* polo interior, a XIX de *Bracara* a *Asturica*, pasando por *Lucus*, e a XX de *Bracara* a *Asturica* pola costa coñecida como *per loca maritima*. A isto temos que incluír varias vías secundarias. As vías, sobre todo as principais, inclúen ademais edificacións dedicadas a pousadas para durmir ou descansar, **mansiones** (o nacemento de Pontevedra o podemos atopar na mansión romana chamada *Turoqua*, na vía XIX) ou **miliarios** (columnas que se colocan á beira das calzadas marcando *mil passus*, é dicir, unha

milla romana equivalente a 1.481 metros).

Outro dos factores que contribúen á integración administrativa de Gallaecia no Imperio e que inflúe no proceso de romanización, é a presenza do **exército romano**, e neste sentido é fundamental a instalación na época dos Flavios da **Legio VII Gemina** no convento asturicense que daría lugar ao nacemento da cidade de León. Esta lexión enviaba con frecuencia destacamentos ao interior do territorio galaico que contribuíron claramente á difusión do latín e da cultura romana. En Astorga, establecéronse ademais legados xurídicos e militares, procuradores e outros funcionarios, que controlaban a administración imperial en Gallaecia.



Ilustración 3. Mapa de rede viaria e dos conventus

2.4 As obras públicas

Outro dos aspectos característicos da romanización de *Gallaecia*, ademais do emprego do latín, é o desenvolvemento de obras públicas como murallas, faros (como a Torre de Hércules), portos, pontes ou incluso termas. Todas estas de carácter práctico pero non temos restos de obras públicas destinadas a espectáculos como teatros ou anfiteatros, ou de tipo relixioso como templos.

Mención especial merece o templo de **Santalla de Bóveda** por ser o único que atopamos en territorio galaico e por ser un *unicum*, é dicir, non contamos con outro edificio das mesmas características en todo o territorio ocupado polo Imperio romano. Santalla de Bóveda é un santuario tardo-romano do s. III situado na parroquia de Santalla de Bóveda de Mera, moi cerca de *Lucus Augusti*. Estaba dedicado á deusa Cibeles e reconvertido ao culto de Santa Eulalia. Componse dunha sala de planta rectangular, cunha pequena piscina no centro e cuberta por unha bóveda de canón. No seu exterior, un pequeno atrio con dúas columnas *in antis* precede á fachada, na que se abre unha porta con arco de ferradura (o máis antigo que conservamos en *Hispania*), tipoloxía que posteriormente adoptarían os visigodos. Destacan tamén as pinturas e no interior da cripta

consérvase un marabilloso conxunto mural, que é o máis importante dos que persisten en toda Hispania. A representación pictórica fai referencia directa á relación que as aves e os seus cantos tiñan co santuario e o seu funcionamento como oráculo. Estas pinturas localízanse na bóveda e representan ás sibilas en forma de aves e cun grao de conservación excelente. O conxunto posúe perdices, faisáns, galináceas, pavos reais (símbolo da deusa), pombas, un ganso e un pato, entre motivos vexetais estilizados que representan a árbore sacra de Atis (amante de Cibeles), o piñeiro e o seu froito.



Ilustración 4. Entrada do Templo de Santalla de Bóveda




Ilustración 5. interior do Templo de Santalla de Bóveda



Ilustración 6. Enterramento romano da Lanzada

2.5 A cultura galaico-romana

A pouca presenza deste tipo de edificacións (templos) pode sinalar que a romanización foi un proceso sincrético no que se produciu unha asimilación da cultura castrexa que conseguiu manter moitas das súas tradicións e dos seus ritos relixiosos. Algo similar ocorre no campo das artes figurativas. Os obxectos artísticos romanos (esculturas, cerámicas, etc.) e a arte romana son reinterpretadas en Galicia creando un novo estilo artístico que combina formas clásicas con formas castrexas, co que

convive un arte oficial e culto, só ao alcance duns poucos, plasmado en mosaicos, esculturas en pedra ou pequenas pezas de bronce que representan a Minerva ou a Marte. A esta amalgama das dúas culturas se lle denomina **cultura galaico-romana**.

En Galicia non se pode falar dunha colonización romana xa que a presenza do Imperio parece que foi a mínima suficiente para manter en funcionamento a burocracia e a extracción de recursos económicos. De aí que podamos falar dunha feble relixiosidade clásica, principalmente nas cidades, e do mantemento e asimilación dos deuses castrexos. Merecen especial atención o culto a Marte, a Xúpiter ou os Lares Viales que non deixan de encubrir aos deuses dos camiños xa presentes na relixión castrexa.

A integración de Gallaecia no Imperio supón tamén renovacións importantes nas bases económicas (transformación do hábitat e cambios na explotación de recursos) e, en consecuencia, na estrutura da sociedade. A conquista romana non supuxo o abandono inmediato dos castros como lugares de habitación, senón que estes se mantiveron polo menos durante un século máis, e incluso se coñece o caso do castro do monte Mozinho, no convento bracarense, que foi construído xa no marco da dominación romana. Algúns castros foron abandonados, pero **a maior parte romanizáronse**. Durante todo o Alto Imperio (dende o cambio de era ata a metade do século III), mantéñense castros situados en lugares estratéxicos que agora fanse máis grandes e complexos, con plantas cadradas, e fortifícanse como os de Santa Trega ou o de Las, ou se vinculan a explotacións mineiras como os de Folgoso do Caurel ou Cervantes.




Ilustración 7. Ara ao deus Verobreo atopada en Donón



Ilustración 8. Muralla de Lugo

2.6 O urbanismo

A partir de finais do s. I d. C. estes asentamentos conviven con novas formas de hábitat en terras baixas, chairas e vales fluviaís. É o caso de **campamentos militares** de nova creación como a Cidadela de Sobrado ou os Baños de Bande (*Aquis Querquennis*), que era unha cohorte la *Legio VII Gemina*, de núcleos secundarios (os *vici*) como Iria Flavia ou A Coruña, ou de *civitas* coma Lugo que constitúe o exemplo da aparición dunha civilización urbana en Galicia. De feito, a

fundación de cidades é unha das principais novidades introducidas no poboamento. Estes núcleos urbanos podían ter a súa orixe en establecementos militares, en núcleos indíxenas ou ser creacións novas. **Lugo**, a capital do convento lucense foi, probablemente, na súa orixe un campamento militar instalado no mesmo lugar que un centro relixioso indíxena dedicado ao deus Lug. A estrutura típica do campamento, que se pode observar no trazado actual da cidade, é un **foro** central artellado en torno a unha vía norte-sur chamada **cardus**, e outra leste-oeste denominada **decumanus**. Posteriormente, no século III, rodeouse das murallas que aínda hoxe se conservan. A transformación do hábitat complétase co xurdimento das *villae* explotacións agrícolas estables dirixidas por grandes propietarios (*potentiores*), cun elevado nivel de vida e que adopta a cultura romana, e que ten ao seu servizo abundante man de obra. En Galicia non consta a presenza de escravos, polo que pode ser que os campesiños tivesen unha relación de colonato co propietario.



Ilustración 9. Vista do campamento de Aquis Querquennis (Baños de Bande)

2.7 A economía



Ilustración 10. Salgadura de Adro Vello

A **agricultura** segue sendo de base cerealeira e a explotación gandeira continúa composta polos mesmos animais que na etapa castrexa (vacas, ovellas, cabras e porcos), a estrutura agraria é totalmente diferente dende mediados do século III en adiante a crise das cidades provocada pola presión fiscal e a inseguridade fai que as clases dominantes se asentem no medio rural e se convertan nos propietarios das terras, asentándose así as bases dos sistema feudal do Medievo.

Outra das grandes transformacións que trae consigo o proceso de romanización é a explotación **mineira** a gran escala. En xeral, séguense usando técnicas xa existentes nas etapas anteriores, pero os romanos as perfeccionan con novos métodos e novos instrumentos. A riqueza mineira do noroeste de Hispania

atrae aos romanos, converténdose no seu primordial interese económico. Os principais minerais extraídos foron a prata, o estaño e, especialmente, o ouro.

Os **métodos de extracción** utilizados foron fundamentalmente tres:

- Aproveitamento das áreas fluviais auríferas, sistema xa usado polos indíxenas, pero agora mellorado coa desviación das correntes dos ríos mediante trampas (que en ocasións poden acadar grandes dimensións, como no caso do desprazamento do río Sil en Montefurado)
- Explotación a ceo aberto, como nas minas do Caurel
- Sistema de *ruina montium* consistente en derrubar as masas de arxila que conteñen ouro mediante a apertura de galerías, lavando despois a terra. Este último é o método máis usado na comarca máis explotada, a serra do Teleno e as Médulas leonesas. É un sistema de orixe tamén indíxena, pouco eficiente, pero que esixe pouco traballo.

Por outra banda a construción de faros como a Torre de Hércules, constata a existencia de **rutas marítimas** de certa importancia. Temos tamén constancia a través das moedas acuñadas en diferentes lugares e das cerámicas estranxeiras atopadas en Galicia dun comercio marítimo e fluvial con zonas alongadas como o Mediterráneo oriental ou a propia Roma. En xeral, a actividade comercial aumentou coa conquista romana tanto en intensidade como en variedade de rutas terrestres, marítimas e fluviais.

Finalmente, no ámbito económico cabe facer referencia á pesca e o marisqueo como actividades que seguen tendo peso na economía das zonas costeiras e incluso temos xacementos de fábricas de salgaduras como Adro Vello no Grove. Por outra banda, tamén se documentan talleres de fundición ou de fabricación de vasillas e de tellas.



Ilustración 11. As Médulas

3. O cristianismo e o priscilianismo

3.1 O cristianismo

A relixión oficial do Imperio Romano era o culto tradicional politeísta onde as principais deidades eran as coñecidas como Tríada Capitolina (Xúpiter, Xuno e Minerva) e o culto ao Emperador. Se ben esta relixión foi tolerante coas outras relixións dos pobos que integraban, asimilando numerosas deidades destes coma por exemplo o culto a Cibeles presente en Santalla de Bóveda. A súa actitude co xudaísmo e máis tarde con cristianismo non foi sempre tolerante. A historia de Roma comezou perseguindo este culto ata que a súa extensión se fixo tan enorme nas clases populares que o acabaron por assimilar tamén. No ano 313 d. C. Constantino o Grande, de relixión cristiá outorga o dereito e liberdade a profesar o Cristianismo sen ser castigado no Imperio Romano por medio do Edicto de Milán. Máis tarde no ano 380 d. C. o Emperador Teodosio o Grande por medio do Edicto de Tesalónica establece o cristianismo como a relixión oficial do Imperio Romano.

O cristianismo penetra en *Gallaecia* en época tardía e non hai testemuñas das primeiras comunidades ata mediados do século III. Este xermolo da relixión cristiá aparece na área leonesa e unha boa parte dos seus membros pertencen á *Legio VII Gemina*. Os desprazamentos dos destacamentos desta unidade militar ao norte de África (onde existían comunidades cristiáns) teñen un papel moi importante no proceso de cristianización do noroeste hispánico. No medio rural a penetración da nova relixión foi moito menor debido á forza da tradición castrexa.

3.2 O priscilianismo

No seu progreso xoga un papel fundamental o priscilianismo, movemento heterodoxo que se implanta fóra das cidades ata época sueva e que conecta moi ben nalgúns aspectos coa relixión indíxena. Este movemento relixioso contribúe de modo definitivo á difusión do cristianismo no medio rural galego.

Prisciliano, bispo de Ávila, foi condenado polo poder imperial e decapitado en Tréveris no ano 385 por ser o autor dunha doutrina considerada pola Igrexa como herexía. Nas súas teses criticaba a degradación da vida relixiosa do momento e a asociación da Igrexa co poder secular. Os cregos eran comerciantes, terratenentes e funcionarios públicos e participaban das intrigas políticas. El pretende reformar a organización eclesiástica e propón o celibato e a dedicación exclusiva. O priscilianismo no terreo social condenaba a institución da escravitude e concedía unha gran liberdade e importancia á muller, abrindo as portas dos templos ás mulleres como participantes activas. Así a primeira da que se conservan textos escritos en latín é Exeria, monxa galaica priscilianista que viviu en torno ao 381. Coa chegada ao poder do emperador Teodosio no ano 379 o priscilianismo vese favorecido, os seus detractores son excomulgados e exiliados; e, os perseguidos máis relevantes convértense en mártires e comezan a recibir culto, sobre todo, a nivel popular. A pesar da condena e execución de Prisciliano por herexe continuou tendo moito predicamento entre os seus seguidores. Se ben co cambio de poder no ano 407 (división do Imperio) os seguidores do priscilianismo volven a estar fóra da lei, en Gallaecia, a raíz da invasión sueva, mantense a súa importancia aínda que vai ir perdendo forza ata desaparecer ao impoñerse oficialmente o cristianismo.

Licenzas das ilustracións

Ilustración	Recurso
Ilustración 1. Fases da conquista de Gallaecia.	Autoría: Ravenloft-commonswiki Licencia: CC BY Procedencia: https://es.wikipedia.org/wiki/D%C3%A9cimo_Junio_Bruto_Galaico#/media/Archivo:Bellum-Asturicum-Cantabricum.png
Ilustración 2. Miliario do Burgo en Pontevedra.	Autoría: Xosé Luís Alonso González Licencia: Con permiso do autor Procedencia:
Ilustración 3. Mapa da rede viaria e dos caonventus.	Autoría: Xosé Luís Alonso González Licencia: Con permiso do autor Procedencia: Museo de Pontevedra
Ilustración 4. Entrada ao Templo de Santalla de Bóveda.	Autoría: Xosé Luís Alonso González Licencia: Con permiso do autor Procedencia:
Ilustración 5. Interior do Templo de Santalla de Bóveda.	Autoría: Xosé Luís Alonso González Licencia: Con permiso do autor Procedencia:
Ilustración 6. Enterramento romano da Lanzada.	Autoría: Xosé Luís Alonso González Licencia: Con permiso do autor Procedencia: Museo de Pontevedra
Ilustración 7. Ara ao deus Verobreo atopada en Donón.	Autoría: Xosé Luís Alonso González Licencia: Con permiso do autor Procedencia: Deputación de Pontevedra
Ilustración 8. Muralla de Lugo.	Autoría: Wamba Wambez Licencia: Creative Commons Attribution-Share Alike Procedencia: https://commons.wikimedia.org/wiki/File:A_Muralla_do_Lucus_Augusti_-_panoramio_%281%29.jpg
Ilustración 9. Vista do campamento de Aquis Querquennis (Baños de Bande).	Autoría: Xosé Luís Alonso González Licencia: Con permiso do autor Procedencia:
Ilustración 10. Salgadura de Adro Vello.	Autoría: Xosé Luís Alonso González Licencia: Con permiso do autor Procedencia:
Ilustración 11. As Medulas	Autoría: Xosé Luís Alonso González Licencia: Con permiso do autor Procedencia: